

Ordenanza fiscal núm. 3.A.8

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS E DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO LEGAL

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ames establece a taxa pola prestación de servizos complementarios educativos incluídos nos programas “Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes Divertidas”, “Lúdicos” e “Escolas de Verán”.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos establecidos nos seguintes programas:

1. “Comedores Escolares”, que conta cun regulamento de funcionamento aprobado polo Pleno do Concello de Ames. O servizo denomínase “Rede Municipal de Comedores Escolares”, que se define como un servizo público que pretende facilitar aos cidadáns de Ames a conciliación da vida laboral e familiar, no eido dun proxecto educativo no que alumnado poida aprender hábitos alimenticios sans e un correcto comportamento na mesa, así como as normas básicas de hixiene, respecto, tolerancia, convivencia e educación en igualdade.
2. “Bos Días Cole”, que conta con regulamento de funcionamento aprobado polo Pleno do Concello de Ames. O servizo “Bos Días Cole”, ten dous obxectivos xerais:
 - Facilitar a cidadanía de Ames a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, atendendo ao alumnado contando con profesionais especializados.
 - Contribuír á educación en hábitos alimenticios sans así como as normas básicas de hixiene, respecto, tolerancia, convivencia e educación en igualdade.
3. “Tardes Divertidas”, que conta con regulamento de funcionamento aprobado polo Pleno do Concello de Ames. O servizo “Tardes Divertidas”, ten dous obxectivos xerais:
 - Facilitar a cidadanía de Ames a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, atendendo ao alumnado contando con profesionais especializados.
 - Contribuír á educación e á ocupación do tempo libre dende o respecto, tolerancia, convivencia e educación en igualdade.
4. “Programas Lúdicos”, dirixidos a nenos/as de 3 a 13 anos de idade, e se desenvolven nas vacacións escolares de setembro, Nadal, primavera e xuño, contribuíndo á educación e á ocupación do tempo libre. Conta cunhas bases de funcionamento elaboradas dende a Concellería de Educación.
5. “Escolas de Verán”, que comprende unha serie de actividades de lecer dirixidos á nenos/as a desenvolver nos meses de xullo e agosto. Conta cunhas bases de funcionamento elaboradas pola Concellería de Educación.

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito impositivo desta taxa.

Tendo en conta que os/as usuarios/as do servizo gravado por esta taxa son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, os seus pais, nais, titorres ou calquera outro representante legal.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA.

De acordo coas frecuencias de utilización do servizo, distínguense as seguintes contías da taxa:

5.1. Servizo de Comedores Escolares.

Matrícula: 10,00 € alumno/a, para a formalización da matrícula.

	Frecuencia	Cota
Usuarios fixos		
	1 día/semana	20,00 €/mes
	2 días/semana	40,00 €/mes
	3 días/semana	60,00 €/mes
	4 días/semana	70,00 €/mes
	5 días/semana	70,00 €/mes
Usuarios ocasionais (cota base/día)		5,00 €

A partir do curso escolar 2012-2013

Matrícula: 12,00 € alumno/a, para a formalización da matrícula.

	Frecuencia	De 50% ata 75% IPREM	De 75% ata 100% IPREM	De 100% ata 150% IPREM	De 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fi- xos						
	1 día/semana	20,00 €/mes	21,00 €/mes	24,00 €/mes	28,00 €/mes	32,00 €/mes

	2 días/semana	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	55,00 €/mes	65,00 €/mes
	3 días/semana	60,00 €/mes	64,00 €/mes	72,00 €/mes	85,00 €/mes	95,00 €/mes
	4 días/semana	70,00 €/mes	75,00 €/mes	85,00 €/mes	100,00 €/mes	110,00 €/mes
	5 días/semana	70,00 €/mes	75,00 €/mes	85,00 €/mes	100,00 €/mes	110,00 €/mes
Usuarios ocasionais (cota base/día)		6,00 €	6,00 €	6,00 €	6,00 €	6,00 €

Para o cálculo da tarifa terase en conta a renda per cápita da unidade familiar, considerando o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF, *ou, no caso de non ser obrigada a súa presentación ou non ter datos sobre esta declaración, ao exercicio no que se solicite o servizo.*

5.2. Programa Bos Días Cole

	Frecuencia	Gardería	Gardería + almuerzo
Usuarios fixos			
	1 día/semana	8,00 €/mes	10,00 €/mes
	2 días/semana	16,00 €/mes	20,00 €/mes
	3 días/semana	24,00 €/mes	30,00 €/mes
	4 días/semana	30,00 €/mes	40,00 €/mes
	5 días/semana	30,00 €/mes	40,00 €/mes
Usuarios ocasionais (cota base/día)		2,00 €	2,50 €

A partir do curso escolar 2012-2013

Matrícula: 12,00 € alumno/a, para a formalización da matrícula.

BOS DÍAS COLE (GARDERÍA)

	Frecuencia	De 50% ata 75% IPREM	De 75% ata 100% IPREM	De 100% ata 150% IPREM	De 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fixos						

	1 día/semana	8,00 €/mes	8,50 €/mes	10,00 €/mes	11,00 €/mes	12,00 €/mes
	2 días/semana	16,00 €/mes	17,00 €/mes	19,00 €/mes	23,00 €/mes	24,00 €/mes
	3 días/semana	24,00 €/mes	25,00 €/mes	28,00 €/mes	34,00 €/mes	36,00 €/mes
	4 días/semana	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes
	5 días/semana	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes
Usuarios ocasionais (cota base/día)		2,50 €	2,50 €	2,50 €	2,50 €	2,50 €

BOS DÍAS COLE (GARDERÍA + ALMORZO)

	Frecuencia	De 50% ata 75% IPREM	De 75% ata 100% IPREM	De 100% ata 150% IPREM	De 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fi-xos						
	1 día/semana	10,00 €/mes	10,50 €/mes	12,00 €/mes	14,00 €/mes	15,00 €/mes
	2 días/semana	20,00 €/mes	21,00 €/mes	24,00 €/mes	28,00 €/mes	30,00 €/mes
	3 días/semana	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,50 €/mes	45,00 €/mes
	4 días/semana	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	57,00 €/mes	60,00 €/mes
	5 días/semana	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	57,00 €/mes	60,00 €/mes
Usuarios ocasionais (cota base/día)		3,00 €	3,00 €	3,00 €	3,00 €	3,00 €

5.3. Programa Tardes Divertidas

	Frecuencia	Básico	Básico + merenda
Usuarios fixos			

	1 día/semana	12,00 €/mes	15,00 €/mes
	2 días/semana	24,00 €/mes	30,00 €/mes
	3 días/semana	36,00 €/mes	45,00 €/mes
	4 días/semana	50,00 €/mes	65,00 €/mes
	5 días/semana	50,00 €/mes	65,00 €/mes
Usuarios ocasionais (cota base/día)		3,50 €	3,50 €

A partir do curso escolar 2012-2013

Matricula: 12,00 € alumno/a, para a formalización da matrícula.

TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO)

	Frecuencia	De 50% ata 75% IPREM	De 75% ata 100% IPREM	De 100% ata 150% IPREM	De 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fi- xos						
	1 día/semana	12,00 €/mes	13,00 €/mes	14,50 €/mes	17,00 €/mes	18,00 €/mes
	2 días/se- mana	24,00 €/mes	26,00 €/mes	29,00 €/mes	34,00 €/mes	36,00 €/mes
	3 días/se- mana	36,00 €/mes	39,00 €/mes	43,00 €/mes	51,00 €/mes	54,00 €/mes
	4 días/se- mana	50,00 €/mes	54,00 €/mes	60,00 €/mes	71,00 €/mes	75,00 €/mes
	5 días/se- mana	50,00 €/mes	54,00 €/mes	60,00 €/mes	71,00 €/mes	75,00 €/mes
Usuarios ocasionais (cota base/día)		4,25 €	4,25 €	4,25 €	4,25 €	4,25 €

TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO + MERENDA)

Frecuencia	De 50% ata 75% IPREM	De 75% ata 100% IPREM	De 100% ata 150% IPREM	De 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
------------	-------------------------	--------------------------	---------------------------	---------------------------	-----------------

Usuarios fi-xos						
	1 día/semana	15,00 €/mes	16,00 €/mes	18,00 €/mes	21,00 €/mes	22,00 €/mes
	2 días/semana	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes
	3 días/semana	45,00 €/mes	48,00 €/mes	54,00 €/mes	63,00 €/mes	65,00 €/mes
	4 días/semana	65,00 €/mes	70,00 €/mes	78,00 €/mes	92,00 €/mes	95,00 €/mes
	5 días/semana	65,00 €/mes	70,00 €/mes	78,00 €/mes	92,00 €/mes	95,00 €/mes
Usuarios ocasionais (cota base/día)		4,25 €	4,25 €	4,25 €	4,25 €	4,25 €

5.4. Programas Lúdicos

Horario	Completo por día	Por día solto
9:00 – 14:30	2,50 €/día	3,00 €/día
9:00 – 16:00 *	9,00 €/día	10,50 €/día
7:30 – 14:30	5,00 €/día con almuerzo	6,00 €/día con almuerzo
	4,00 €/día sen almuerzo	5,50 €/día sen almuerzo
7:30 – 16:00*	11,50 €/día con almuerzo	13,50 €/día con almuerzo
	11,00 €/día sen almuerzo	13,00 €/día sen almuerzo

- Nos tramos horarios de 9:00 – 16:00 h. e de 7:30-16:00 h. inclúese o xantar.

5.5. Escola de Verán

Frecuencia	Usuario e tipo servizo	1 MES	2 MESES	QUINCENA
9:00 – 14:30	Básico	95,00 €	150,00 €	65,00 €
7:30 – 14:30	Básico sen almuerzo	115,00 €	200,00 €	75,00 €

	Básico con almorzo	130,00 €	225,00 €	80,00 €
09:00 – 16:00*	Básico	180,00 €	325,00 €	105,00 €
7:30 – 16:00*	Básico sen almorzo	205,00 €	375,00 €	120,00 €
	Básico con almorzo	215,00 €	400,00 €	125,00 €

Frecuencia	Por día solto
9:00 – 14:30	3,00 €/día
9:00 – 16:00 *	10,50 €/día
7:30 – 14:30	6,00 €/día con almorzo
	5,50 €/día sen almorzo
7:30 – 16:00*	13,50 €/día con almorzo
	13,00 €/día sen almorzo

* Nos tramos horarios de 9:00 – 16:00 h. e de 7:30-16:00 h. inclúese o xantar.

5.6. Normas sobre a imputación das cotas.

5.6.1. Todos os usuarios/as fixos/as deberán acollerse a unha contía da taxa fixa mensual de acordo coas frecuencias de utilización do servizo e segundo se especifica nos cadros de cada servizo.

5.6.2. Para utilizacións de servizos que non correspondan coas frecuencias recollidas no cadro correspondente e sempre que o concello o permita, seralle de aplicación unha contía de taxa fixa mensual de acordo coa cota base por día.

5.6.3. No caso de que a alta nos servizos “Rede Municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, e “Tardes Diver-tidas” teña lugar con posterioridade ao día 15 do mes, a primeira cota será a que corresponda de acordo coa cota base por día.

5.6.4. En caso de que a baixa nos servizos “Rede Municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, e “Tardes Di-vertidas” teña lugar con anterioridade ao día 15 inclusive, a última cota será a que corresponda de acordo coa cota base por día.

5.6.5. Aqueles solicitantes que non acheguen a documentación requirida para a determinación da súa capacidade económica, no prazo de subsanación correspondente, aboarán a tarifa sinalada segundo as frecuencias e característi-cas do servizo, aplicando as regras establecidas nos parágrafos anteriores deste artigo. Para o servizo de “Comedores Escolares”, a non constancia dos datos económicos dentro do prazo de subsanación, obrigará ao usuario a satisfacer, durante todo o período no que figure de alta, a cota prevista para aquelas unidades familiares cunha renda per capita superior ao 200% do IPREM. Este parágrafo non será de aplicación a aqueles/as usuarios/as que teñan en tramitación a solicitude de axuda de emerxencia social ou o informe social ao que se fai mención no artigo 7.3.”

ARTIGO 6.- DEVENGO

A obriga de pagamento para os/as usuarios/as fixos/as nace cando se produza a correspondente formalización da matrícula, con efectos a partir do día solicitado na matrícula como data de inicio do servizo, de acordo co previsto no artigo 24 do Regulamento da Rede Municipal de Comedores Escolares do Concello de Ames, e sen prexuízo de que a data de inicio poida ser variada con posterioridade mediante solicitude do/a usuario/a e coa conformidade do concello atendendo á organización do servizo.

Para os/as usuarios/as ocasionais, a obriga de pagamento nace cando se produza a solicitude de utilización do servizo.

A obriga de pagamento dos/as usuarios fixos desaparece coa baixa no servizo.

ARTIGO 7.- BENEFICIOS FISCAIS.

A solicitude de bonificación de taxas deberá facerse por escrito no momento de presentar a solicitude do servizo (matrícula ou preinscrición, segundo o programa), ou no momento da renovación. De existir cambios na situación socioeconómica do solicitante que inflúa na resolución da bonificación, estarase ao procedemento previsto no artigo 9.1

Darán dereito a **bonificación total** nas taxas:

1. Casos de emerxencia social, que contén con resolución do Concello de Ames,, tendo en conta o previsto no artigo 11.7 da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames e o regulamento de emerxencia social do Concello de Ames.
2. Unidades familiares cunha renda per cápita igual ou inferior ao 25% do IPREM anual*. (*) IPREM anual: Indicador público de renda de efectos múltiples. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF, ou, no caso de non ser obrigada a súa presentación ou non ter datos sobre esta declaración, ao exercicio no que se solicite o servizo.

Darán dereito a unha **bonificación do 50%** nas taxas:

1. Familia numerosa de categoría especial, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.
2. Unidades familiares cunha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM anual. (*) IPREM anual: Indicador público de renda de efectos múltiples. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF ou, no caso de non ser obrigada a súa presentación ou non ter datos sobre esta declaración, ao exercicio no que se solicite o servizo.
3. Aquelas unidades familiares que, sen estar en situación de emerxencia social, no lugar do certificado de entidade bancaria do saldo medio, acheguen coa declaración xurada do artigo 11.5.2 b) da OFX, un informe social no que se acredite (de forma conxunta e non illada) que se trata de familias con menores con problemas de integración social, familias en risco de desestructuración familiar, pendentes de iniciar ou tendo iniciado un expediente de protección de menores, ou casos de intervención socio familiar, e non acrediten ser titulares doutros bens que pola súa valoración ou recente adquisición evidencien signos de capacidade económica suficiente.

Darán dereito a unha **bonificación do 20%** nas taxas:

- Familia numerosa de categoría xeral, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.
- As familias de especial consideración, agás as familias numerosas, de acordo coa definición e requisitos establecidos na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

As anteriores bonificacións non son acumulables, de xeito que os usuarios/as tan só poderán acollerse a aquela que lles resulta máis beneficiosa.

Estes beneficios fiscais non serán de aplicación na cota a ingresar pola formalización da matrícula, que en todo caso será a sinalado no artigo quinto desta ordenanza.

Para a determinación dos conceptos de unidade familiar e das rendas computables, estarase ao disposto no artigo 11.5 da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames.

Documentación a achegar para acceder aos beneficios fiscais.

As persoas que desecan acollerse ás exencións recollidas nos anteriores apartados deberán achegar xunto coa correspondente solicitude a documentación que a continuación se relaciona:

- Familia numerosa: Copia cotexada do libro de familia e título acreditativo de familia numerosa
- Unidades familiares cunha renda per cápita inferior ao 50% do IPREM anual: Certificación de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar en idade laboral. Ademais, para a determinación destes ingresos seguirase as seguintes regras:

a) No caso de presentación da declaración do IRPF do exercicio anterior, partirase do importe que figure na parte xeral e de aforro da base imponible do imposto, para o que deberá achegarse copia da última declaración do IRPF de todos os membros maiores de idade que compoñan a unidade familiar, agás autorización. Para aquelas unidades familiares con renda per cápita igual ou inferior ao 25% do IPREM anual, nos que algún dos membros presenta declaración da renda, deberán achegar, ademais a declaración xurada coa documentación prevista na letra b) do parágrafo seguinte.

b) No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, estarase aos importes resultantes do certificado de retencións expedidos pola empresa ou das copias compulsadas das nóminas, do certificado de percibir prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos presentada por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, sen prexuízo de achegarse a certificación correspondente da AEAT sobre os datos fiscais daqueles.

A declaración xurada, para que teña validez, deberá vir acompañada dun certificado da entidade bancaria no que confíen as contas ou depósitos, sobre o saldo medio existente nos seis meses anteriores á petición de axuda, por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, así como, de ser o caso, unha declaración xurada dos bens inmoables urbanos e rústicos dos que sexan titulares, coa referencia catastral, ubicación e valor catastral; e declaración dos vehículos de tracción mecánica dos que sexan titulares e data de adquisición. A declaración de titularidade de bens inmoables e vehículos comprobarase cos datos obrantes nos Padróns Municipais, coa consecuencia de que calquera falsedade ou omisión de datos será causa de denegación da bonificación.

Se pola valoración do saldo existente en contas, dos bens ou pola recente adquisición destes, se evidencian signos de capacidade económica suficiente da unidade familiar, non se terán en conta os ingresos declarados, denegarase a bonificación e aplicarase a tarifa base que corresponda ou, nos supostos de tarifas progresivas, a tarifa non bonificada máis baixa.

A non presentación da documentación vencellada a dita declaración xurada no prazo outorgado de subsanación, dará lugar a denegación da bonificación.

- Nos supostos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, copia da sentenza xudicial que determine a mesma, baixa no correspondente rexistro de parellas de feito e convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- Resolución da axuda de emerxencia social para o caso de bonificación total ou informe de servizos sociais para o caso de bonificación do 50%.

- Circunstancias que acrediten atoparse nalgún dos supostos de familia de especial consideración, de acordo coa definición e requisitos establecidos na lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que puntúan no baremo de exención das taxas.

A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

ARTIGO 8.- NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.

Os/as usuarios/as fixos/as realizarán o pagamento do servizo mediante domiciliación bancaria.

Os cobros dos/as usuarios/as fixos/as realizaranse a mes vencido e a devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo, o que será notificado ao pai/nai/titor/a concedendo 10 días hábiles para a liquidación da débeda pendente, que de non facerse suporá a perda da praza no servizo e o traslado do expediente ás oficinas de Recadación Municipal para que proceden ao cobro da mesma segundo o procedemento de recadación establecido na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Ames.

O cobro nos programas lúdicos realizarase igualmente mediante recibo, e xestionarse unha vez rematado o servizo.

Na modalidade de usuarios/as ocasionais, en tanto non sexan incorporados sistemas áxiles de autoliquidacións a través da oficina virtual tributaria, o pagamento desta modalidade do servizo realizarase polo sistema de bonos, que se adquirirán na entidade bancaria que se lles indique, entregando un bono cada día que utilice o servizo.

Tanto nos supostos de usuarios fixos como de usuarios ocasionais, as cantidades aboadas soamente serán devoltas cando non se poda utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades aboadas.

ARTIGO 9.- REVISIÓN DAS BONIFICACIÓN, APLICACIÓN DAS TARIFAS PROGRESIVAS, E EXTENSIÓN DOS SEUS EFECTOS.

9.1.Revisión das bonificacións.

No primeiro mes de cada ano producirase a revisión de todas as bonificacións solicitadas no ano anterior, nos programas “Comedores Escolares”, “Tardes Divertidas” e “Bos Días Cole”, aos efectos de adaptala a realidade socioeconómica máis recente dos solicitantes, considerando os últimos datos da declaración da renda dos membros da unidade familiar ou ben os datos obrantes na restante documentación á que fai referencia o artigo 7, no apartado “documentación a achegar para acceder aos beneficios fiscais”.

A tal efecto, requirirase aos solicitantes dos beneficios fiscais para que no prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte ao da súa notificación, acheguen ao concello canta documentación consideren necesaria para a súa toma de consideración. A autorización para obter os datos relativos á última declaración da renda habilita ao Concello a obtelos sen necesidade de presentación polo usuario do servizo.

Revisada a bonificación, no caso de existir variacións que supoñan a súa desestimación, conlevará o pagamento das cotas restantes fixadas segundo as frecuencias de utilización ata finalizar o ano, en todos os programas dos servizos educativos dos que sexa usuario. No caso de admisión daquelas bonificacións que foron rexeitadas segundo os datos socioeconómicos existentes con anterioridade da revisión, a aplicación da bonificación realizarase con carácter retroactivo dende o inicio da prestación, reintegrando as contías que procedan. Neste último caso e nos supostos de mantemento da bonificación como consecuencia da revisión, o beneficio fiscal estenderase aos outros programas dos servi-

zos educativos dos que sexa usuario durante todo o ano e ata a seguinte revisión, sempre que medie solicitude expresa en cada un dos programas.

As solicitudes de bonificación que se produzan fora dos prazos de matrícula ou preinscrición-renovación, ou se produzan por primeira vez noutros programas educativos, deberán acompañarse da documentación necesaria para a súa valoración, aplicándose o previsto no artigo 5.6.5 para o caso de que, requirida a subsanación da documentación, esta non sexa presentada. De resolverse favorablemente, a bonificación terá efectos a partir do primeiro día da quincena no que foi solicitada, agás nos lúdicos e en Escola de Verán, que terá efectos dende o día da solicitude.

As novas bonificacións relativas ás familias de especial consideracións non serán tidas en conta na revisión da tarifa realizada no mes de xaneiro do ano 2012 para o curso escolar 2011-2012, pero sí para as bonificacións sobre a cota que poida corresponder ao usuario a partir do curso escolar 2012-2013

9.2. Aplicación das tarifas progresivas para o programa Comedores Escolares, Bos Días Cole e Tardes Divertidas.

Como consecuencia da aplicación de tarifas progresivas para o curso escolar 2012-2013 e sucesivos, no prazo previsto para a preinscrición ou renovación, os solicitantes do servizo que non foran obxecto do procedemento de revisión da bonificación previsto no apartado anterior (por ser novos usuarios ou por non solicitar dita bonificación), deberán chegar, xunto coa solicitude, a autorización para examinar a última declaración de renda existente, ou ben chegar a documentación necesaria para determinar a súa capacidade económica, tomando como referencia a esixida no artigo 7 da presente Ordenanza, sen prexuízo da facultade de solicitar a bonificación fiscal que considere oportuno.

Os solicitantes que si foron obxecto de revisión da súa bonificación no mes de xaneiro, absteranse de presentar a documentación prevista no apartado anterior, ao xa obrar en poder do Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A modificación da ordenanza será de aplicación para os procedementos de revisión das bonificacións solicitadas no ano 2016, as que se refire o artigo 9.1 desta ordenanza, sempre que a súa aplicación resulte máis favorable para os obrigados tributarios.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Á presente ordenanza derroga expresamente as seguintes normas municipais:

1. Regulamento de funcionamento do Servizo Bos Días Cole de Bertamiráns, do Concello de Ames.
2. Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de comedor na Rede Municipal de Comedores do Concello de Ames.
3. Regulamento de Funcionamento do Servizo "Bos Días Cole" de Ventín, do Concello de Ames.

Igualmente, derróganse cantas disposicións se recollan nas bases aprobadas de funcionamento dos programas lúdicos e escolas de verán que contradigan o disposto na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a

súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro – BOP núm. 12 de 19/01/2011.

Primeira modificación puntual - BOP núm. 247 de 29/12/2011.

Modificación do artigo 7 e incorporación da disposición transitoria publicada no BOP nº 24 de 03/02/2017

O disposto na ordenanza será de aplicación para os expedientes de matrícula e a prestación dos servizos públicos de “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes divertidas” correspondentes ao curso académico 2017/2018, e para os servizos de “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán” que teñan lugar ata o 31/08/2018.